


A aspironeta

Zip, a aspiradora, non soportaba a idea de estar simplemente programada para aspirar.

A súa nova compañeira K-38, último modelo en aspiradoras robóticas, non só aspiraba, senón que aspirofregaba, aspirocosía, aspiroguisaba, e mesmo aspirofacía deliciosas tortas de chocolate.

Farta desta situación, Zip retou a K-38, e quixo tender a roupa, pero aspirouna. Quixo contestar ao teléfono, pero aspirouno. Quixo pasear o gato pero... tamén o aspirou!



Así que a levaron a un vertedoiro e alí quedou con outras aspiradoras e radiadores.

Un sábado pola mañá, Sabela, unha nena moi pillabana levouna para o seu taller.

Pintouna de moitas cores, puxolle unhas ás, unha hélice e lista!

—Son como unha avioneta! —exclamaba Zip mentres bailaba e alegría—. Non, mellor aínda, son unha aspironeta!

Sabela pediulle que aspirara as nubes negras do ceo para que parara de chover e poder xogar na rúa e Zip fíxoo. Foi voando lonxe, a un sitio moi seco, e desaspirounas todas.



Nos xornais apareceu a nova de que unha «aspironeta» se dedicaba a carrexar as nubes dun lugar a outro para gozar de días de sol radiante onde chovía moito, e días de choiva onde non sucedía nunca.

Agora Zip resultaba ser un aparello de moda. Outros intentaron crear outros inventos coma unha torradora voadora ou unha lavadora voadora, mais ningún chegou a ser tan útil como a aspironeta.

Despois de ler

1. Ordena as viñetas e resume o conto:



1. Zip era unha aspiradora

2. Un día levárona a un

3. Así foi como se converteu

2. Agora pensa ti un invento, debúxao e explica para que serve:

